

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 91

ano 15

novembro-decembro 2020

Centenario da “Xeración Nós” (II) A “XERACIÓN NÓS” NO AHPOU

O 30 de outubro de 1920 vía a luz o primeiro número da **revista Nós**. Impulsada e dirixida dende Ourense por **Vicente Risco** e baixo a dirección artística de **Castelao**, os quince primeiros números saíron da imprenta de **La Región**, desa mesma cidade (outubro de 1920 a xullo de 1923). Foron os de maior calidade formal, aspecto que houbo que rebaixar para posibilitar a súa viabilidade económica. Os seguintes pasaron a imprimirse en Pontevedra na imprenta de Joaquín Poza Cobas (nº. 16 - 18) e na Coruña a través das editoriais *Lar*, a cargo de **Ánxel Casal** e **Leandro Carré** (nº. 19 - 43), e **Nós** (nº. 44 - 86). Os restantes números foron publicados en Santiago por esta última editorial fundada e dirixida por Ánxel Casal quen tamén administrará con crecente control a revista ata a desaparición definitiva desta coincidindo co inicio da Guerra Civil.

No Arquivo Histórico Provincial de Ourense consérvanse unha colección orixinal e completa desta revista así como orixinais de material utilizado para traballos publicados nela, como é o caso de parte dos documentos conservados de **Xurxo Lorenzo Fernández** (1910-1934). Entre eles destaca o titulado “Notas do meu diario arqueolóxico” composto de texto e debuxos nos que foi reproducindo e describindo todo aquilo que suscitou o seu interese durante a súa participación no cruceiro *Ultreya*. Esta viaxe marítima fora organizada polo intelectual e profesor **Álvaro de las Casas** (1901-1950), fundador da agrupación galeguista xuvenil de onde toma o nome o cruceiro, para introducir un selecto grupo de mozos no estudo do patrimonio natural e cultural das Rías Baixas.

O mencionado traballo foi publicado no número 124-125 de **Nós**, correspondente aos meses de abril-maio de 1934, tras o prematuro pasamento de Xurxo Lorenzo. A ilustración que protagoniza este número de *Fron da* reproduce o **cruceiro do campo de San Roque** de Portonovo e é un dos dezaioito debuxos que compoñen a parte gráfica dese “diario” nos que o autor dá mostra da súa destreza artística. Cada debuxo vai acompañado dun texto descritivo no que este mozo de 22 anos tamén amosa a súa madurez intelectual. Neste diario descríbense as experiencias da viaxe, as paisaxes das rías, o

patrimonio arqueolóxico, etnográfico e monumental, así como lendas relatadas por xentes dos lugares que visitaban cando pisaban terra: Muros, Ribeira, Rianxo, Cambados, Illa de Arousa, O Grove, Portonovo, Bueu e Illa de Ons.



1922, [Portonovo (Pontevedra)]
Debuxo do cruceiro do campo de San Roque en Portonovo (Pontevedra)
Orixinal, papel; galego; 140 x 220 mm.
AHPOu, Familia Lorenzo Fernández, C-9760.

O grupo Nós de Ourense

A revista *Nós* concibiuse na órbita cultural e política do nacionalismo polo que un dos seus fins primordiais será fundamentar o carácter nacional de Galicia. Outro dos seus obxectivos era o de establecer pontes entre a cultura autóctona e a europea, de xeito que a primeira se modernizase estética e tematicamente abrindo camiños de innovación e maduración na creación en lingua galega a través de contidos variados: literatura, lingüística, etnografía, política, historia, arte, xeografía, filosofía, ciencia, etc.

Os redactores desta publicación deron lugar ao que se deu en chamar “xeración Nós”, conformando o seu grupo nuclear Vicente **Risco**, Ramón **Otero Pedrayo** e Florentino **Cuevillas**, ben que tamén se poden vincular a aquel outros ourensáns como Antón Losada Diéguez e Arturo Noguerol. **Castelao** tamén se adscribe ao grupo nuclear pero a personalidade intelectual, artística e política do rianxeiro non pode englobarse na órbita dos ourensáns. Os irmáns **Xaquín** e **Xurxo Lorenzo**, máis novos que os anteriores, colaboraron na revista *Nós* na súa última etapa.

O período durante o cal os citados intelectuais ourensáns deron o mellor de si é considerado como a etapa de maior esplendor cultural da cidade de Ourense. Herdeiros do *Rexurdimento*, recolleron o legado das xeracións precedentes para incorporalo ás correntes da vangarda europea. A súa achega foi fundamental na vida cultural de Galicia durante as dúas décadas previas á Guerra Civil, primeiro arredor das *Irmandades da Fala* pero, sobre todo, a través da creación e edición da revista *Nós* (1920-1936), das contribucións sobre etnografía, xeografía ou historia realizadas no marco do *Seminario de Estudos Galegos* (1923-1936) e das colaboracións no xornal *A Nosa Terra*. A súa actividade política materializouse na fundación do *Partido Nazonalista Republicán de Ourense* e do *Partido Galeguista*.


A “Xeración Nós” no AHP de Ourense

No Arquivo Histórico Provincial de Ourense consérvanse diversos fondos familiares e persoais dos intelectuais ourensáns máis destacados desta xeración, así como documentos de autores naturais doutros lugares de Galicia como Castelao.

De entre todos, o mellor representado é **Vicente Risco** cuxa pegada documental aparece en distintos fondos. O propio da familia Martínez-Risco está integrado maioritariamente por documentos persoais de don Vicente entre os que destaca unha rica colección epistolar con misivas de editores, políticos e intelectuais prominentes da súa época. Tamén é de interese unha pequena colección de debuxos deste autor, así como fichas e borradores sobre distintos temas nos que traballou. Outros prezados documentos elaborados por Risco ou nos que aparece a súa pegada forman parte de fondos de persoas ou entidades coas que estivo vencellado.

Entre os documentos de **Ramón Otero Pedrayo** atópanse correspondencia e autógrafos de traballos de investigación e de obras de creación entre as que destaca o poema “A Estadea”. Tamén é de interese o informe remitido a Cuevillas e Ferro Couselo presentándolles o proxecto da súa *Historia de Galiza*.

De **Florentino Cuevillas** conservamos manuscritos dunha conferencia e o capítulo sobre a Prehistoria galega publicado no terceiro volume da mencionada



“Notas do meu diario arqueolóxico”, artigo publicado postumamente na revista *Nós*, núm. 124-125, abril-maio de 1934, pp. 74-88.

Historia de Galiza. De especial valor informativo son as copias da súa correspondencia cos principais prehistoriadores españois e europeos do seu tempo, na que se reflicte a autoridade intelectual que se lle recoñecía no mundo da Arqueoloxía.

De **Alfonso R. Castelao** consérvase correspondencia que nos informa das súas actividades políticas en América iniciadas cando viaxou a este continente durante a Guerra Civil co fin de buscar apoios para o goberno da República. Rematada a guerra e xa como exiliado, as misivas encádranse na súa función de presidente do *Consello de Galiza*.

Por último, tamén contamos con interesantes testemuños dos irmáns **Lorenzo Fernández**, en particular de **Xurxo**, doadas ao Arquivo polo seu irmán **Xaquín**: manuscritos e debuxos para artigos publicados en *Nós*, apuntamentos de Heráldica, Paleografía e Diplomática e debuxos de brasóns de Ourense e Santiago. Entre todo este material destaca o manuscrito orixinal do “diario arqueolóxico”.